



“ORDENANZA FISCAL Nº. 20 REGULADORA DE TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS E SERVIZOS URBANÍSTICOS”

Fundamento e Natureza.

Artigo 1.

En uso das facultades concedidas polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto na lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa por licencias urbanísticas" que se ha rexer pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o art. 178 da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, Texto refundido aprobado por Real decreto 1346/76, de 9 de abril, e que se deban realizar no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei do solo, regulamentos que a desenvolvan, Normativa urbanística aplicable na Comunidade Autónoma e no Proxecto xeral de ordenación urbana deste Concello.

Suxeito pasivo

Artigo 3.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a licencia de Obras ou se beneficien dela.
2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras.

Responsables.

Artigo 4.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o art. 42 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributarla.



Obligación de contribuir

Artigo 5.

1. A obriga de contribuir nacerá no momento de comezar a prestación do servizo, que ten lugar dende que se formula a solicitude da preceptiva licencia, ou dende que o Concello realice as iniciais actuacións conducentes a verificar se é ou non autorizable a obra, instalación, primeira ocupación dos edificios ou modificación do uso deles, que se efectuase sen a obtención previa da correspondente licencia.
2. A obriga de contribuir non se verá afectada ou modificada pola denegación no seu caso da licencia, concesión con modificacións da solicitude, renuncia ou desestimento do solicitante.
3. A obriga de contribuir a taxa producirase aínda que a concesión da licencia veña imposta polas normas que regulan o silencio administrativo positivo.

Base imponible e liquidable.

Artigo 6.

1. Tomarase como base de gravame da presente taxa, en xeral, o custo real e efectivo da obra, construción ou instalación determinado según os criterios establecidos na Ordenanza fiscal n. 2 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras para cada ano.
2. Nas aliñacións e resantes tomarase como base de gravame, os metros lineais de fachada ou fachada dos inmobles.

Tipo de gravame e tarifa:

Artigo 7.

- 1.-O tipo de gravame a aplicar sobre a base liquidable determinada segundo o establecido no artigo anterior será do 0,4%.
- 2.- Por cada aliñación realizada sobre o terreno por metro lineal ou fracción ou sin actuación pericial por terreno.

TARIFA	EUROS
Ata 100 metros	372,00.- €
Por cada metro lineal ou fracción de exceso	3,70.- €
En zona rústica sin actuación pericial sobre o terreno	31,90.- €

- 3.- Establecese unha cuota mínima de **6,40 €** para obras menores.



Normas de xestión.

Artigo 8.

1. Os dereitos desta ordenanza son compatibles con calquera outro por aproveitamento especiais ou por prestación de servicios distintos.
2. O dereito a edificar extínguese por incumprimento dos prazos fixados, mediante a súa declaración formal, no expediente tramitado con audiencia 6 interesado.

Extinguído o dereito a edificar, o interesado non poderá iniciar ou comezar de novo actividade ningunha o abeiro da licenza caducada, agás, despois autorización ou orde da Administración, as obras estrictamente necesarias para garantir a seguridade de persoas e bens así como do xa edificado.

Tramitación.

Artigo 9

1. As licencias para instalacións, obras e construcións, solicitaranse por medio de instancia dirixida o Alcalde, segundo modelo oficial, que se ha facilitar na Oficina do Rexistro de documentos, onde se determinaran os documentos que deberá de aportar o interesado.

Nos supostos de falta de calquera dos documentos esixidos actuarase conforme o regulado no artigo 54 da Lei de procedemento administrativo.

2. A solicitude poderá ser formulada polo interesado ou polo contratista das obras, pero deberá facerse constar o nome e enderezo do propietario do inmovible, do seu arrendatario, cando as obras se realicen por conta e interese deste, así como a expresa conformidade ou autorización do propietario. As solicitudes para a primeira utilización dos edificios deberán ser subscritas polo promotor da edificación, e a súa obtención e requisito indispensable para poder destinar os edificios o uso proxectado, tendo por obxecto a comprobación de que a edificación foi realizada con suxeición estricta os proxectos de obras que obtiveran a correspondente licenza municipal para a edificación e que as obras fosen rematadas totalmente, debendo, en consecuencia, ser obtidas para a súa utilización. Nos casos de modificación no uso dos edificios, esta licenza será previa a de obras ou modificación de estruturas e tenderá a comprobar que o cambio de uso non contradí ningunha normativa urbanística e que a actividade realizada e conforme co regulado na lexislación vixente.

3. Se despois de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal acompañando o novo orzamento reformado, e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación. Se a modificación ou ampliación se quixera introducir nas obras xa



autorizadas, deberá tramitarse en igual forma que se de nova construción se tratase, e con pagamento de novos dereitos.

4. A Sección de Urbanismo, previamente o outorgamento da licencia, practicará a liquidación dos dereitos ou taxas que cumprisen e a Intervención Municipal procederá a censura correspondente.

5. Ata que o suxeito pasivo non efectúe o ingreso da débeda tributaria ou garantía regulamentariamente o seu pagamento, non lle será entregado o documento administrativo de "licencia de obras", a expedir pola Alcaldía e Secretaría do Concello.

Resolución.

Artigo 10.

O órgano municipal competente, segundo a petición se concrete a obras menores ou a obras novas, de nova planta, ampliación ou reforma respectivamente, ou instalacións, adoptará a resolución que procedese en canto ó outorgamento da licencia solicitada e procederá así mesmo, a aprobar a liquidación dos dereitos ou taxas correspondentes.

Artigo 11.

1.-As liquidacións iniciais terán carácter provisional ata que unha vez rematadas as obras sexa comprobado pola Administración Municipal o efectivamente realizado e o seu importe, requirindo para iso dos interesados as correspondentes certificacións de obras e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. A vista do resultado da comprobación practicarase a liquidación definitiva.

2.-As licencias e as cartas de pagamento ou fotocopias dunhas e outras obrarán no lugar das obras mentres duren estas, para poder ser exhibidas a requirimento dos Axentes da Autoridade Municipal, quen en ningún caso poderá retiralas por ser inescusable a permanencia destes documentos nas obras.

Caducidade e duración das licencias.

Artigo 12.

1. Cando o interesado renuncie á licencia solicitada se esta aínda non foi concedida pola Alcaldía ou pola Comisión de Goberno, se e seu caso, háselle devolver o 80% da cota satisfeita por dereitos de licencia; e se a renuncia ten lugar despois de producido o acto administrativo da concesión a devolución será soamente do 50%. En ámbolos dous casos hase comprobar previamente que as obras non foron iniciadas, pois de selo non procedera ningún tipo de devolución.



2. Consideraranse caducadas as licencias se despois de concedidas transcorren máis de seis meses sen dar comezo as obras, ou cando unha vez empezadas fosen interrompidas durante o citado prazo, agás en caso de forza maior, na que deberá ser alegada polo titular da licencia antes que expire o referido prazo para a súa resolución posterior polo organismo concesor.

3. Todas as licencias que se concedan levarán fixado un prazo para a execución das obras, a menos que anticipadamente se solicite e obteña, no seu caso, prórroga regulamentaria. As prórrogas que se concedan levarán igualmente fixado o prazo que como máximo será o da licencia primitiva. Os dereitos pola concesión de prórroga fixaranse no 20% da licencia inicial, con un mínimo de 6,40 €

Infraccións e sancións tributarlas.

Artigo 13.

As sancións que procedan por infraccións cometidas por inobservancia do disposto nesta ordenanza, serán independentes das que puideran arbitrarse por infraccións urbanísticas, conforme o disposto na Lei do Solo e as súas disposicións regulamentarias.

Artigo 14.

Constitúen casos especiais de infracción cualificados de:

a) Simples:

- Ó non ter no lugar das obras e a disposición dos axentes municipais os documentos a que se fai referencia no art. 11-2 desta ordenanza.
- Non solicitar a necesaria licencia para a realización das obras, sen prexuízo da cualificación que proceda por omisión ou defraudación.

b) Graves:

- O non dar conta á Administración municipal do maior valor das obras realizadas ou das súas modificacións ou dos seus orzamentos, agás que, polas circunstancias concorrentes deba cualificarse de defraudación.
- A realización de obras sen licencia municipal.
- A falsidade da declaración en extremos esenciais para a determinación da base de gravame.



Artigo 15.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza atenderase ó disposto nos art. 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor mentras non se acorde expresamente a súa modificación ou derogación.”